

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac1091497999318499002.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 31-2025. MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2025, PARA A CONTRATACIÓN DO ARRANXO DE PAVIMENTOS NA RÚA QUIROGA BALLESTEROS.

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos - Modificación Plan de Invetimentos, TC 31-2025 para a contratación de arranxos no pavimento da rúa Quiroga Ballesteros, faise necesaria unha modificación do plan de investimentos que non implica transferencia de crédito ao manterse a mesma aplicación orzamentaria.

Vistos igualmente os documentos e informe que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1462/2025, do 25.09.2025.

Tendo en conta que as circunstancias que se poñen de manifesto pola enxeñeira técnica de Obras Públicas, Gema Iglesias méndez, o 04.09.2025 e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*"A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria**. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía."*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac1091497999318499002.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación do plan de investimentos do exercicio 2025 por un importe global de 35.074,34 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
22MRRXX24100	35.074,34 €	25XX00047" Reparación do pavimento en Quiroga Ballesteros"	35.074,34 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	35.074,34 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	35.074,34 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.